

O despoboamento rural galego como problema didáctico: un proxecto para o colexio público do Incio

SOMOZA FERNÁNDEZ, Jesús

Universidade de Santiago de Compostela

jesussomozafernandez@gmail.com

DOMÍNGUEZ ALMANSA, Andrés

Universidade de Santiago de Compostela

Departamento de Didácticas Aplicadas – Área de Didáctica de las Ciencias Sociales

andres.dominguez@usc.es

[Recibido octubre 2017; aceptado diciembre 2017]

Resumo

Asúmese o despoboamento do rural galego como unha problemática de calado social que ten que ter cabida no ámbito da educación. Un tema conflictivo cuxa concreción nas aulas de primaria pode e debe planificarse e deseñarse a través da organización e xestión dun centro educativo. Neste traballo, co colexio público do Incio como referente, abórdase a realización dun proxecto de centro, crítico e aberto ao conxunto dunha comunidade educativa que, como se demostra nunha actuación previa, manifesta a necesidade de acometer actuacións didácticas nas que se contemple a realidade problemática do rural. A elaboración do proxecto pasa por dúas fases: na primeira, un borrador inicial é sometido a crítica por parte de dúas mestras do centro do Incio experimentadas na súa dirección. Tras este proceso de debate e achegas, elabórase o deseño final, que abrangue a todos os cursos da educación primaria a través de propostas de carácter transversal. Coa intención de que un alumnado, educado na reflexión e xestión de problemas próximos, non exentos de emocións e conflito, acade competencias sociais e cívicas e que podan ser compartidas coa comunidade.

Palabras chave: Despoboamento do rural galego, proxecto de centro, colexio do Incio, ensinanza crítica, Educación Primaria

Abstract

The depopulation of Galician rural areas is assumed as a problem of social importance that has to have a place in the field of education. A controversial issue whose concretion in primary classrooms can and should be planned and designed through the organization and management of an educational

center. In this work, with the public school of O Incio as a reference, it is approached the realization of a center project, critical and open to the whole of an educational community that, as demonstrated in a previous action, manifests the need to undertake didactic performances in which the problematic reality of the rural one is contemplated. The development of the project goes through two phases: in the first one, an initial draft is submitted to criticism by two teachers from the center of O Incio experienced in their direction. After this process of debate and contributions, the final design is elaborated, which covers all primary education courses through cross-cutting proposals. With the intention of a student, educated in the reflection and management of upcoming problems, not exempt of emotions and conflict, get social and civic competences and that could be shared with the community.

Key words: Depopulation of Galician rural areas, center project, school of O Incio, critical teaching, Primary Education

1. Introducción

Nas últimas décadas no rural galego estase constatando, xa como grave problema, un proceso apreciable dende a década dos sesenta do século XX: o constante, e semella que imparabile, decrecemento da poboación e o avellentamento demográfico. En contraste con esta realidade, o rural galego ten un importante peso na representación política galega, pero esta non lle garante unha actuación político-administrativa en consonancia coa súa preponderancia electoral. Compete pois, á cidadanía, a través de múltiples camiños, tomar en consideración este problema. A educación, e concretamente ás escolas do rural, deben supor un primeiro andar dun proxecto común reflexivo para entender o presente e proxectar o futuro, partindo da formación duns escolares non contemplados como cidadáns do mañá, senón suxeitos activos dun presente pouco alentador.

Son diversas as formas nas que se pode actuar. Neste caso, apóstase pola elaboración dun proxecto, que aínda que é deseñado para o colexio público do Incio, localizado no territorio oriental galego, teña valor para outros centros cuxa poboación escolar evidencie os síntomas do despoboamento.

Nesta proposta está latente a idea de partida de non considerar o medio rural unicamente como agrario nin definilo como oposición ao urbano, cun ton pexorativo (Armas Quintá & Macía, 2015), e a partir de aquí abordar aspectos relevantes dende os aportes das diferentes disciplinas presentes no currículo. Pero tamén quere incorporar as achegas da educación patrimonial (Cuenca, 2014; Fontal & Ibáñez, 2015; Ibáñez, Fontal, & Cuenca, 2015). Así considérase

o rural como unha confluencia de bens patrimoniais materiais e inmateriais, afectados pola perda do patrimonio principal: as xentes que o habitan.

2. O despoboamento do rural galego: da reflexión á actuación

2.1. Un proxecto de centro dende unha perspectiva crítica

Non é tarefa simple a xestión dun centro educativo. Trátase dunha realidade complexa na que conviven múltiples suxeitos con diversas características que cómpre ter presentes. As escolas non son “caixas negras” (Apple, 2000, pp. 125-126), e a organización dun colexio debe establecer accións coherentes e coordinadas cos seus principios e co xeito de entender a ensinanza polo conxunto do profesorado. Contemplados neste contexto, os proxectos de centro supoñen un pensamento e unha práctica educativa (San Fabián Maroto, 2011) e son canles para procurar conseguir obxectivos e intentar satisfacer intereses e necesidades da comunidade educativa. Materializan un sentido de ensinanza e son o piar para organizar un centro. A súa elaboración debe supor unha reflexión acerca do que se pretende para que non quede en risco a continuidade e estabilidade que se debe proporcionar na educación do alumnado. Dende esta perspectiva, enténdese a escola non só como facilitadora de novas aprendizaxes, senón como xestora do modo de transmitir, reducíndoas ao básico ou abrindoas á realidade.

Un colexio debe entenderse como un espazo complexo, aberto á sociedade e con múltiples recursos educativos para formar cidadáns que manteñan relacións sociais e no que aprendan a convivir (Álvarez Fernández, 2000). En consonancia con isto, un axeitado proxecto educativo contempla a ensinanza a partir do coñecemento da realidade obxectiva dos feitos alentando no alumnado unha subxectividade, que permita emitir opinións libres e fundamentadas como consecuencia dun comportamento crítico, produto dunha actitude subxectiva, pero tamén de distancia á hora de acometer calquera análise (Gimeno Lorente, 2009).

Enténdese o desenvolvemento da conciencia crítica no alumnado e profesorado, como elemento fundamental na elaboración dun proxecto educativo adaptado á realidade. Polo que a actuación didáctica debe tamén cuestionar os mecanismos de autoridade non baseados no diálogo e na democracia (Ayuste, Flecha, López Palma, & Lleras, 1999).

Seguindo a Paulo Freire, na defensa de que o oprimido obteña unha conciencia crítica, baseada en prácticas dialóxicas e antiautoritarias (1989), nas escolas pode ter cabida unha actuación didáctica que responda ás necesidades xurdidas de diversos conflitos, problemas ou mesmo contradicións para as que

cómpre reflexionar ou aportar solucións por parte dun alumnado exento de coaccións, nunca obrigado ou inducido a presentar resultados predeterminados.

A espontaneidade, autonomía e liberdade deben estar presentes nos proxectos educativos. Ao mesmo tempo, precísase unha análise da realidade social como forma de articular unha teoría, novamente sometida ao control da experiencia (Santos Guerra, 1994). A análise de problemas debe transcender dunha disciplina a outras, promovendo así unha apropiación de coñecementos integrada, prescindindo das fronteiras das diversas áreas.

É necesario facer consciente ao profesorado (Sarasola, 2006). Non unicamente do que aconteza nunha aula illada, senón tamén da organización escolar e dos cambios e problemas que se producen na sociedade e que repercuten na escola. Aos que o sistema educativo debe dar respostas socioeducativas nun determinado contexto, para axudar ao alumnado a evolucionar no tecido social construíndo unha escola xeradora de opinión pública, organizada con debates de índole social, cultural ou conflito que susciten (Gimeno Lorente, 2009).

A problematización do contexto social é básica nun proxecto educativo crítico, entendendo por problema aquilo que non pode resolverse automaticamente e demanda unha axeitada investigación (Bunge, 1985). Polo que a valoración crítica de solucións pasadas deben aplicarse a situacións novas xunto coa indagación en coñecementos complementarios (García Córdoba & García Córdoba, 2005). Como a súa resolución dependerá tamén do ritmo e da capacidade do alumnado, cobra importancia o traballo en grupo para que as respostas sexan froito dunha actuación cooperativa e inclusiva. Así se estimula a acción de pensar, para dubidar e dubidar para acertar, reflexionar para pensar. Porque esta concatenación, supón “a existencia de suxeitos que pensan mediados polo obxecto ou obxectos nos que incide o propio pensar dos suxeitos” (Freire, 1997, p. 38).

Precísase unha educación que propugne a discusión valente das problemáticas humanas (Rojas Olaya, 2009), mediante un diálogo fluído que someta os pensamentos a constantes revisións, a través de análises críticas dos problemas. escoitar e aportar son actitudes vitais para o desenvolvemento dunha aprendizaxe significativa a partires do encontro do ser humano co mundo para lelo, identificalo e transformalo (Delgado Granados, 2010).

Atopar na literatura ou na rede exemplos reais de proxectos educativos de centro de índole crítica non é tarefa doada. Indicando que a súa existencia, ou cando menos a súa visibilidade, nos ámbitos da divulgación ou investigación educativa é case inexistente. Ben por descoñecemento ou polos imperativos do

quefacer cotiá, media un abismo entre a abundante teoría e a práctica real. Neste escenario, un traballo significativo é o de Rozada Martínez (2001), onde se presentan propostas que formulan unha dialéctica entre o interese estratéxico de introducir determinados cambios nas aulas e a calidade do diálogo que se chegue a xerar entre os participantes.

2.2. Un proxecto problematizador: o despoboamento e abandono do rural galego

O despoboamento do rural é unha realidade social facilmente perceptible de resolución complexa e non exenta de conflito. Tanto por isto, como polas rutinas educativas dominantes, trátase dun tema escasamente reflexionado na escola, incluíndo aquela que está inmersa nos escenarios nos que se manifesta con maior intensidade.

O esmorecemento do rural e as súas paisaxes propias de espazos abandonados é a manifestación visible dunha crise demográfica (Hernández Borge, 2013). As xeracións máis vellas desaparecen, as máis novas xa non están ou teñen prevista a súa marcha e non hai colectivos dispostos a substituílas, presentando tanto no interior como na costa espazos habitados por unha poboación envellecida, sen posibilidades de relevo xeracional (Ferrás Sexto, 2014), polo que un amplo territorio de Galicia non parece ser un nicho atractivo no que desenvolver proxectos de vida.

O descenso da natalidade, tendencia compartida no contexto cultural occidental, a emigración sen retorno de familias ao completo e a decisión de persoas retornadas (maioritariamente de idades avanzadas), de non asentarse no rural, implica a drástica redución da poboación nas últimas décadas. Realidade que ofrece a certeza dun futuro inexistente en termos sociais e culturais, xa que non haberá auténticas comunidades asentadas neste entorno. Difícil situación á que a sociedade debe facer fronte.

Un proxecto educativo crítico propio dun colexio inmerso neste contexto, ten que atender ao despoboamento dende unha perspectiva social, como problema pautado polos desprazamentos dos grupos implicados, os lugares que protagonizan a súa mobilidade ou o peso das organizacións familiares (Martínez López, 1999). Tamén dende unha perspectiva política, en tanto que se trata dun fenómeno excluído ou marxinado na axenda política, sen que se manifeste unha vontade real de analizar a cuestión dende unha visión conxunta ou de país comprometida co futuro (Tabarés, 2014). Tendo en conta, ademais, que as políticas do pasado recente forman parte do actual problema.

A xestión curricular dun centro debe alentar a participación activa do alumnado na reflexión sobre esta problemática, porque tentala obviar e, polo

tanto, prescindir da necesidade de traballar sobre a súa resolución, aumenta a probabilidade de que se converta nunha situación aínda máis complexa e, posiblemente, xa irresoluble.

Ademais, o risco de desaparición dunha sociedade tamén o é o da súa cultura material e inmaterial reflectida na paisaxe, incluíndo o propio uso da lingua galega que semella acompañar o proceso de abandono do rural. Pódese enfrontar o problema como o dunha inmensa perda patrimonial á que cómpre facer fronte a través de propostas educativas que atendan á capacidade de estimular procesos de apropiación consciente e crítica do seu entorno e os elementos que o caracterizan por parte das xeracións máis novas que o habitan.

Dende un proxecto integral centrado no entorno e a educación patrimonial, contemplada dende unha perspectiva holística, sería necesario atender ás seguintes cuestións:

- A perda drástica de poboación como problema matriz, xa que supón a extinción da “cultura do noso grupo” (Santacana Mestre & Martínez Gil, 2013, p. 50), quedando soterrada, unha comunidade e o seu territorio xunto con costumes, valores, crenzas...
- O anterior problema supón o abandono de vivendas e, con el, o abandono de vivencias que, co paso do tempo, estarán abocadas a formar parte de ruínas e anécdotas, quedando así como unhas meras construcións históricas, posiblemente convertidas en asunto arqueolóxico ao igual que os castros, antecedentes da propia cultura agraria e rural.
- Froito do abandono das terras cultivadas, vaise producindo unha clara transformación da paisaxe. En moitos casos asístese á rexeneración dunha vexetación autóctona, comezando o bosque a dominar territorios insospeitados para as xeracións de séculos e décadas precedentes. O problema estribará en buscarlle significado, porque de considerarse un territorio sen valor, poderían acometerse actuacións económicas, xa alleas á comunidade, que convertese a estes bosques xerminais en meras paisaxes de transición, entre o abandono do rural e novas formas de explotación do espazo.
- Noutros casos, asístese á colonización incontrolada de especies arbóreas cultivadas que, na maioría das situacións, ademais de non supoñer un axente económico relevante, convértense, ao seren especies pirófilas, nun risco, nun escenario de acentuación das secas estivais. Así, o abandono das terras produtivas convive cunha notoria dificultade de loitar eficazmente contra os incendios (Saco, 2010, p. 26).

Tomando como referencia a experiencia doutros espazos despoboados, cabe barallar a posibilidade dun futuro no que se propoña a instalación de centros industriais centrados en actividades prexudiciais para o medio ou incluso o establecemento de centrais ou cemiterios nucleares. Mentres, a actualidade caracterízase polo peche de servizos, educación, sanidade ou comercio, froito e á vez problema do abandono e supervivencia do rural galego.

Toda esta problemática, contemplada dende a análise do pasado, a comprensión do presente e a proxección do futuro en consonancia cunha reflexión sobre o patrimonio rural galego, implica que, na escola, alumnado e profesorado traballen cunha “carga emocional eficaz” (Santacana Mestre & Martínez Gil, 2013, p. 48). Xa que aquí a importancia radica en como adquirir a conciencia patrimonial a través da experiencia escolar. E a filosofía adecuada para levalo a cabo, non é a imposición dun legado inamovible, senón abrir procesos que estimulen a libre apropiación en función de intereses cívicos, sustentados nunha conciencia social crítica do alumnado. O transcendente non está na inmutabilidade do rural, senón na súa supervivencia aberta a novas propostas inclusivas e sustentables.

Nun proxecto desta índole, analizar o pasado supón entender a regresión da poboación galega como un feito que xa se comezou a manifestar nas décadas dos 50 e 60 do século XX. Nun escenario de presión e fracaso das políticas económicas da ditadura, ás últimas xeracións que emprenden o camiño de América, únense as que por primeira vez e de forma masiva marchan cara diversos territorios europeos (Hernández Borge, 2013). Evidentemente, a diferenza do que acontece na actualidade, este éxodo producíase nun contexto de abundancia de poboación nas aldeas galegas. En realidade, viña sendo unha constante na historia e na memoria moi ben rexistrada nos versos de Rosalía, nos que ademais de canonizar a paisaxe rural, advirten da carga emocional dun proceso, que a poeta xa vaticinaba como dramático: *Adiós ríos, adiós fontes... Todos, todos se van... Galicia sen homes quedas que te poidan traballar.*

Atender ao presente supón ter en conta que unha constante no rural galego “é a sobrevaloración da terra fronte ó soma, da terra fronte ao demos ou pobo” (Blanco Desar, 2014, p. 19), o que expresa moi ben esa dicotomía entre o axiña que aflora calquera conflito relacionado cunha ínfima porción de terra en litixio, e a tolerancia á visible desaparición da propia comunidade. De aí que ollar o futuro pase por xerar unha necesaria concienciación social e política acerca do que significa o problema do despoboamento do rural galego. Para isto, a educación é un espazo único e un centro educativo non debería eludir este reto e compromiso.

2.3. Un colexio nun espazo avellentado: o caso do Incio

O municipio do Incio, situado ao sur e leste da provincia de Lugo e antesala da serra do Courel é un claro exemplo da Galicia do despoboamento. E o seu centro educativo, CEIP Ricardo Gasset, será o escenario idóneo no cal desenvolver un proxecto de centro acorde cunha realidade na cal nenas e nenos poden considerarse especies en extinción.

Táboa 1. Relación do número de habitantes por ano no Concello do Incio

| Ano | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 |
|------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Habitantes | 2185 | 2113 | 2087 | 2016 | 1956 | 1875 | 1822 | 1797 | 1777 | 1740 |

Nota. Información recuperada do Instituto Nacional de Estatística (2017)

O Incio, dende unha visión tradicional dos bens patrimoniais, podería contemplarse como depositario dun “rico patrimonio tanto prehistórico, histórico e monumental” (López Pombo, 2003, p. 20). Non obstante, esta perspectiva debería completarse con outra que traslade a mirada dos bens que habitualmente se consideran patrimonio ás persoas. Neste caso concreto, dunha forma radical xa que é a propia poboación o ben máis prezado. Polo tanto, merece ser protexida e conservada como elemento que artella unha paisaxe sostible e posuidora dun tecido de bens materiais, pero tamén inmateriais, que pola súa invisibilidade é aínda “moito máis difícil de aprehender, de conservar e de salvagardar” (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014, p. 9).

A situación demográfica é moi preocupante neste Concello. Dende 1996 ate 2016 perdeu practicamente a metade da súa poboación total, descendendo de 2722 habitantes a 1740 (Instituto Nacional de Estatística, 2017), podendo apreciar na anterior táboa o descenso importante dos últimos dez anos. Ademais, en 2016, o número de nacementos (6) foi amplamente superado polo de defuncións (49) (Casanova Vila, 2017). O Incio manifesta un dos índices de avellentamento máis elevados de Galicia (698,26), superando incluso o de municipios da súa contorna tamén afectados polo despoboamento como Samos (534,9) ou Triacastela (330,28).

O CEIP Ricardo Gasset reflicte a situación demográfica do municipio, pois conta con só vinte e un nenos e nenas no curso académico 2017/2018, distribuídos en cursos de Educación Infantil e Primaria que se concretan en dúas únicas unidades, aínda que na práctica diaria a docencia transcorre en tres clases.

Fundamentado nesta realidade, o obxectivo principal deste artigo é deseñar un proxecto crítico de centro, adaptado ao colexio público do Incio, pero

susceptible de ser aplicado noutros espazos educativos de características semellantes. A fin é que se traballe un problema de grande relevancia dende unha perspectiva que integre a educación para a transformación social, educación patrimonial e adquisición de competencias sociais, históricas e xeográficas, estimulando sempre a conciencia cívica do alumnado, profesorado, das familias e da comunidade.

3. Metodoloxía

3.1. Despoboamento e acción didáctica: enquisa á comunidade educativa

Para coñecer a visión e grao de concienciación entre familias e profesorado do colexio do Incio sobre a pertinencia da inclusión do problema do despoboamento do rural galego nas aulas, empregáronse dous cuestionarios, divididos nun único bloque de nove preguntas. Un centrado nas familias e outro no profesorado. Son distintos, pero as preguntas efectuadas responden ao mesmo esquema: unha cuestión con resposta aberta e oito de elección única así como de escala. Na pregunta de resposta aberta, os enquisados poderán expor aspectos que consideren relevantes ou que cren que quedasen pouco explícitos no cuestionario.

Táboa 2. Cuestións realizadas nas enquisas, exentas das opcións de resposta (neste caso)

| Ás familias | Aos docentes |
|---|--|
| 1. Estás de acordo coa idea de que un dos principais problemas do rural galego é o despoboamento? <i>Test</i> | |
| 2. Cales pensas que son as principais causas do despoboamento do rural galego? Gradúaaas do 1 ao 4, sendo o 4 a principal causa. <i>Escala</i> | |
| 3. Sería oportuno tratar o despoboamento do rural galego nun colexio rural para que nenos e nenas tomen conciencia del? <i>Test</i> | |
| 4. Sería un acerto que o colexio correspondente realizase un proxecto educativo global para todo o centro que propuxese a realización de actividades destinadas a mellorar o sentido crítico das nenas e nenos en canto á problemática do despoboamento do rural? <i>Test</i> | |
| 5. No caso en que se tratase a temática do despoboamento do rural... Gustaríavos ser partícipes no desenvolvemento da mesma? <i>Test</i> | 5. No caso en que se tratase a temática do despoboamento do rural... Como a tratarías? <i>Test</i> |
| 6. Como vedes o futuro do concello? <i>Test</i> | 6. Que recursos empregarías nunha aula para tratar o despoboamento do rural de Galicia? Gradúaos do 1 ao 4, sendo o 4 o recurso máis importante. <i>Escala</i> |

| |
|--|
| 7. Que che parecería que os nenos e nenas fixesen entrevistas ás familias e á comunidade sobre o tema tratado e visitas a lugares abandonados que noutrora foron moi activos? <i>Test</i> |
| 8. Tés a oportunidade de poder expresar algo que crees importante e que quedase sen expor neste cuestionario acerca do despoboamento do rural galego en relación co ensino. <i>Resposta aberta</i> |
| 9. Que che parece que un mestre en formación contase con vós para abordar un traballo de fin de Carreira? <i>Test</i> |

Das 14 familias coas que se contactou, obtívose a colaboración de 10. Así como a dos catro representantes do profesorado aos que se solicitou cubrir a enquisa.

3.2. Deseño inicial de proxecto

“Organizar o currículo das Ciencias Sociais en torno aos problemas sociais relevantes (...), pode ser unha metodoloxía de interese para capacitar aos alumnos na comprensión holista das situacións sociais” (Gimeno Lorente, 2009, p. 112). De aí que é contemplada como tarefa urxente o deseño dun proxecto que abrangua todas as etapas educativas da educación primaria.

Dado que “a institución procrea a súa propia dinámica, o seu propio ritmo e as súas propias necesidades e intereses” (San Fabián Maroto, 2011, p. 48), esta proposta, entendida como instrumento didáctico proxectado dende a dirección do centro educativo, defende unha aprendizaxe integral de todo o alumnado, perseguindo cambiar determinados aspectos para lograr que a comunidade educativa afonde sobre o problema no que está inmersa. Inclúense nel aos vinte e un alumnos, ao conxunto do profesorado e, en determinadas ocasións, ás familias e persoas achegadas.

O proxecto inicial, consta de sete sesións en cada aula, as cales seguirán unha mesma guía en todos os cursos, aínda que as actividades cambien:

- Primeira: descubrir o despoboamento do rural galego.
- Segunda: abórdase o problema dándolle significado e sentido.
- Terceira: tratarase de dar resposta ao problema.
- Cuarta: saída ao entorno, para achegarse, coñecer e valorar a realidade no contexto local.
- Quinta: realización de reflexións a modo de conclusións .
- Sexta: preparación do Día Tradicional do Incio, no que se revisará todo o coñecido con anterioridade, así como o que o alumnado pode considerar configurador do seu patrimonio material e inmaterial.
- Sétima: levarase a cabo o Día Tradicional do Incio.

Búscase que o alumnado adquira coñecementos, principalmente, de xeito cooperativo, partindo da súa propia experiencia. Así pois, a realización desta

proposta pretende que o proceso de aprendizaxe non fiquen nun “estado do suxeito”, senón que se manteña en constante construción” (Rodríguez Espino, 2015).

Preténdese unha educación inclusiva, non baseada en actividades específicas para aquelas persoas que poidan ter dificultades por estar en risco dalgún tipo de exclusión, senón que estarán pensadas, para ser desenvoltas polo conxunto do alumnado, independentemente da súa condición (Santacana Mestre & Prats Cuevas, 2014). Trátase de evitar calquera posibilidade de exclusión cultural.

Para o deseño desta proposta, acéptase a idea de que o alumnado posúe ideas de carácter social, derivadas da súa xénese e desenvolvemento nun determinado medio que se concreta, na súa maneira de construírse no contexto escolar (García Pérez, 2001, p. 133). Na seguinte táboa expóñense e significanse as sesións deseñadas para cada unha das aulas multigrado de Educación Primaria.

Táboa 3. Actividades xenéricas por curso e sesión

| 1º e 2º de Primaria | 3º e 4º de Primaria | 5º e 6º de Primaria |
|--|--|---|
| Punto inicial e elemento motivador: <i>“A Canteira da Sabedoría”</i> | Punto inicial e elemento motivador: <i>“A Estación de Coñecementos”</i> | Punto inicial e elemento motivador: <i>“A Oficina Problemática”</i> |
| Primeira sesión. Descubrir a realidade do fenómeno do despoboamento expresando as ideas previas. Comparar para entender o problema: estoxo que perde pinturas ou o número de habitantes no seu fogar en relación ao pasado. Analizar e valorar | Primeira sesión. Partirase dunha canción relacionada co tema e coñecida pola totalidade do grupo. Exposición das súas ideas-representacións sociais que poderían ser contrastadas ao finalizar o proceso. Reflexión crítica acerca das causas e consecuencias do despoboamento | Primeira sesión. Coñecemento da realidade a partires de fotografías de lugares próximos. Comparacións e debate sobre aspectos demográficos e da súa realidade |
| Segunda e terceira sesións. A través de xogos, a reflexión estará presente ca fin de conseguir que o alumnado constrúa ideas a partires da súa experiencia. O debate será cruce nestas sesións | Segunda e terceira sesións. Realizaranse xogos nos que se aportarán curiosidades desta problemática. Amais, deberán resaltar aspectos positivos do lugar no que viven | Segunda e terceira sesións. A busca de información e a valoración do que aporta a contorna serán os aspectos detonantes para o tratamento do despoboamento |

| |
|--|
| Cuarta sesión. Saída polo Concello contextualizando, así, o problema. Perséguese unha concienciación baseada na experiencia máis directa e un desenvolvemento de perspectivas críticas, partindo de centros de interese do alumnado. |
| Quinta sesión. Diferente en cada aula, pero cun denominador común: reflexión e interiorización do traballado nas sesións precedentes. Realizaranse comunicacións coas institucións ca fin de difundir o problema e incentivar a súa reflexión |
| Sexta e sétima sesións. Conseguir no alumnado unha maior e mellor valoración do seu Concello, a través dun proceso de descubrimento, coñecemento e actualizándose distintos aspectos tradicionais que caracterizan a contorna. Establecerase o <i>Día Tradicional do Incio</i> . |

3.3. Discusión do proxecto inicial e produto final

Pártese da consideración de que un proxecto desta índole debe ser analizado e validado dende distintas perspectivas. Neste caso, o deseño inicial será valorado por expertas-profesionais: a actual directora do centro de posible aplicación, cun ano no exercicio do cargo no colexio do Incio, e da mestra que a precedeu, cunha experiencia de cinco anos na dirección. A valoración acompáñase dun debate coa autoría do proxecto que dá pé a un consenso que asenta as bases do deseño definitivo do proxecto que se presentará como resultado final desta experiencia.

4. Un proxecto educativo avalado socialmente e discutido con profesionais

4.1. Datos relevantes : Un problema percibido, un problema educativo

A análise das enquisas respondidas por familias e profesorado, demostrará en que medida a comunidade educativa percibe o problema do despoboamento e como pode ser contemplada a idea de darlle a o tema unha presenza real e significativa no contexto escolar.

En xeral, existe unha sintonía entre as respostas das familias e as do profesorado en exercicio. As dez familias, coinciden na idoneidade de tratar o tema nos colexios rurais de Galicia, elixindo como opción prioritaria que “será unha boa maneira para que coñezan, valoren e protexan o seu entorno e as súas condicións de vida”, mostrando unha identificación coa contorna propia e a súa inclusión nos contidos escolares, no que coinciden as dúas familias que non consideran o despoboamento como problema grave.

Maioritariamente, manifestan interese en participar nun proxecto didáctico que inclúa un problema cuxa existencia permite unha xeneralizada visión pesimista na percepción do futuro do concello. Na resposta aberta, coinciden en

que non vivir na cidade non debe supoñer para os seus descendentes distintos dereitos e deberes.

Entre o profesorado, tamén existe unha tendencia á concordancia, defendendo que o tema debe ser tratado a través dun proxecto común. Sinalan que é a mala xestión política a causa principal do problema. As discrepancias danse en relación coa metodoloxía ou a utilización de recursos.

A análise desta mostra representativa da comunidade escolar do Incio, mostra que se sente afectada polo despoboamento do rural galego que o consideran como un problema social relevante, propiciado polas dinámicas máis recentes da sociedade galega. Lonxe de pensar que o tema debe quedar relegado a outros contextos, avalan a súa integración na educación primaria, mediante propostas dende e para á contorna coas que se poida facer desta problemática unha reflexión educativa. Esta demanda social indica que a elaboración dun proxecto que afronte este problema é unha necesidade, pero, aínda máis, un compromiso ético, cívico e político para o profesorado implicado nun proceso de ensino–aprendizaxe verdadeiramente significativo.

4.2. Datos relevantes: discusión do deseño inicial de proxecto de centro

Partindo da idea de que a evidencia dun problema relevante non leva aparellada a necesaria atención por parte da administración ou dos centros escolares, e de que “os educadores críticos traballan para revelar as condicións materiais e sociais da produción e recepción escolar” (McLaren, 1997, p. 49), acométese o deseño dun proxecto, cuxa eficacia, se asentará na discusión que con el poidan establecer as mestras en exercicio con experiencia na dirección do centro ao que se orienta.

Un aspecto relevante é que, a pesar de que a discusión coas expertas foi individualizada e exercen en centros diferentes, practicamente coincidiron nas súas apreciacións respecto aos aspectos a corrixir. Posiblemente, froito dunha pasada e dilatada cooperación como docentes no Incio.

Algún dos elementos máis relevantes da discusión foi que unha das expertas salientou que o proxecto carecía dun toque de optimismo e que introduciría diversos aspectos relativos á animación do rural. O autor alegou que non se trataba dun proxecto en liña pesimista, pero si que pretende amosar unha realidade descarnada que permite predicir un futuro escasamente optimista. Existiu a coincidencia, por parte das dúas mestras, en cualificar o proxecto como unha opción “distinta” que se debe ter en conta en moitos colexios xunto con aumentar a transversalidade das Ciencias Sociais ás demais áreas. En liñas xerais, as dúas matizaron aspectos de forma, mais non de contido.

5. Resultado final

5.1. 1º e 2º de Educación Primaria

O conxunto de sesións terán a súa orixe na *Canteira da Sabedoría*: na aula haberá un recuncho onde se coleccionen pedras que o alumnado deberá atopar no colexio. Cunha fin motivadora, ao inicio de cada unha das sesións do proxecto, quen imparta a docencia agochará unha pedra cun adhesivo co nome do tema a tratar. A súa acumulación final representará o traballo xa completado. As sesións IV e VII, compartidas con todos os cursos, presentaranse ao final

Táboa 4. Relación de actividades realizadas para 1º e 2º

| | |
|---|---|
| <p><i>Sesión I. Descubrir a realidade e coñecer o despoboamento</i></p> | <p>Ideas previas: tres fotografías da contorna: unha casa en ruínas, un colexio abandonado e un castro soterrado. Opinión do alumnado e elaboración dun debuxo sobre a súa visión do lugar no que viven dentro duns cincuenta anos. Posteriormente, o/a docente collerá unha caixa de pinturas que irá baleirando, como símbolo do despoboamento. Finalmente, o alumnado irá colocando individualmente na parede o número de irmáns dos seus predecesores comparados cos seus</p> |
| <p><i>Sesión II. Xogamos e aprendemos cun problema</i></p> | <p>Dous xogos no patio: no primeiro asociarán debuxos (incendios, plantacións de eucaliptos, persoas gardando o gando, casas en ruínas...) con palabras que reflictan o problema en relación ao despoboamento. O segundo, vinculado ao primeiro: os debuxos situaranse en orde configurando unha mariola; tírase un dado e, individualmente, explicarán porqué o debuxo que pisan é un problema. Ca fin de facelo visible, expoñeranse os debuxos nos corredores do centro</p> |
| <p><i>Sesión III. Aprendemos respondendo</i></p> | <p>Debate guiado con liberdade para expor argumentos: Queredes o lugar no que vivides? A que lugar do Incio levaríades alguén da túa idade que viñese de visita? Por que? Farán debuxos e observarase a súa percepción</p> |
| <p><i>Sesión V. Conclusión: Repasamos o despoboamento</i></p> | <p>Realización dun vídeo onde o alumnado estableza as súas críticas acerca do despoboamento xunto coas vantaxes de vivir no rural. Poderán realizar un novo debuxo sobre a súa visión do problema e comprobar se mudou respecto á primeira sesión</p> |
| <p><i>Sesión VI. Preparación do DTI</i></p> | <p>Día Tradicional do Incio, xornada de portas abertas. Encargaranse do tema da gastronomía e festas locais, empregando diversas fontes documentais e elaborando carteis informativos</p> |

5.2. 3º e 4º de Educación Primaria

O nexos de unión das sesións será *A Estación de Coñecementos*: un espazo na que se irán depositando diversas tarxetas representativas das sesións levadas a cabo. Como elemento estimulante, en determinadas xornadas, no momento de chegada ao colexio ou no bus, entregarase a alguén da clase unha destas tarxetas, procurando que esas tarxetas recaian en alumnado distinto para que todos e todas sintan a mesma motivación.

Táboa 5. Relación de actividades realizadas para 3º e 4º

| | |
|---|--|
| <i>Sesión I. Coñecemos investigando</i> | Escoita da interpretación pola cantante local Lucía Pérez do poema de Rosalía de Castro " <i>Adiós ríos, adiós fontes</i> ". Anotar as palabras máis relevantes, o tema e elementos da paisaxe galega e chegar á idea de despoboamento. Dúas cartolinas na parede, nunha anotarán a súa visión do Incio dentro de 50 anos. Outra ficará baleira. Despois, en grupos, investigar o número de profesionais que traballan nas institucións públicas do concello e comparalo co de hai 20 anos: percibir e reflexionar un problema |
| <i>Sesión II. Problematicación: O despoboamento móvenos</i> | Tres partes: 1ª. atopar tarxetas no patio, con frases vinculadas ao despoboamento como "Posible futura explotación do terreo", "Maior posibilidade de incendios", "Perda de persoas"; xunto a outras como "Sabías que fai poucas décadas moitos cativos e cativas viñan ao colexio de pé no autobús porque non había asentos suficientes?". 2ª xogo de mímica, por grupos representarán un dos problemas atopados. 3ª. Reflexión no xardín |
| <i>Sesión III. Responder ao problema: Os beneficios do noso entorno</i> | En parellas, crear adiviñas ou breves cancións sobre os beneficios de vivir no rural. Exposición aos demais cursos |
| <i>Sesión V. Conclusión: Os beneficios do rural</i> | Realización de carteis sobre o significado de vivir no rural e o problema tratado. Sobre a cartolina baleira da sesión I, representarán novamente o Incio pasados 50 anos. Cambiaron as percepcións? |
| <i>Sesión VI. Preparación do DTI</i> | Recompilación en soporte dixital de anécdotas, contos ou lendas recollidas da memoria familiar. Tamén a súa indagación sobre xogos tradicionais locais |

5.3. 5º e 6º de Educación Primaria

O fío condutor das sesións será *A Oficina Problemática*. Previo ao inicio, sen explicación, crearase un espazo con ese nome. Coa apertura dunha sesión, chegará unha carta á Oficina que indique o que se vai facer, sen especificar todos os detalles, conxugando intriga e aprendizaxe.

Táboa 6. Relación de actividades realizadas para 5º e 6º

| | |
|---|--|
| <i>Sesión I. Descubrir a realidade</i> | Dúas imaxes: grupo infantil rural de metade do século XX e un do presente. Establecer diferenzas para chegar ao despoboamento. Escribir as reflexións que van xurdindo. Final: imaxe dun oso pardo en terras galegas (perigo de extinción) e de nena/o no rural. Comparativa, reflexións e exposición destas no recinto escolar |
| <i>Sesión II. Coñecer o despoboamento: problema e análise</i> | Tres actividades: 1ª. Consulta en grupos de xornais que traten o despoboamento e debate en gran grupo. 2ª Indagación sobre a demográfica local e presentación dos resultados3ª. Simulación dun programa de radio : "É o despoboamento un problema?" |
| <i>Sesión III. Responder ao problema: Distintivo rural</i> | Como distintivo de calidade, crearase unha marca propia para diversos alimentos propios da contorna. Valoración de aspectos que se poden desenvolver e protexer como alternativa de futuro |
| <i>Sesión V. Conclusión: difundir alternativas ao problema do despoboamento</i> | Realización cooperativa dunha proxección audiovisual, centrada no Incio, sobre como combater o despoboamento. Difusión veciñal e nas administracións |
| <i>Sesión VI. Paisaxes transformadas e emigrantes retornadas/os</i> | O alumnado aportará fotografías que mostren a paisaxe local no pasado. Contrastar co presente e significar os cambios e mostralos á comunidade no DTI. , onde se debaterá sobre as transformacións e como as ten condicionado o despoboamento. Mostrarase tamén unha entrevista que terán preparado e realizado a unha persoa retornada tras longo tempo na emigración. Contará as diferenzas na paisaxe e no poboamento Remate cunha gravación na que o alumnado narre o futuro da localidade transcorridos 50 anos |

5.4. Sesións comúns

IV. Viaxamos e aprendemos: coñecemos as nosas paisaxes cotiás

Saída pola localidade na que, como unha sorte de símil da manida “Compostelana”, a totalidade do alumnado portará unha *Incialana*, tarxeta á que se engadirá un adhesivo en cada parada de descubrimento-aprendizaxe, que poderán valorar cunha puntuación. A saída transcorrerá por lugares que amosen os efectos do despoboamento nos que se abordarán actividades axeitadas.

Exemplos de actividades realizadas nesa saída están vinculadas a lendas, contos ou anécdotas contadas pola veciñanza do pobo, observación crítica de aldeas despoboadas, tentando así a valoración do patrimonio material e inmaterial; ou mesmo a realización de diversos xogos en distintos lugares e vinculados a eles e á problemática. Estas accións, entre outras, perseguirá a reflexión de todos os cativos e cativas e faralles ves ver que todas as sesións anteriores contribúen a visualizar unha realidade existente nada máis saír da aula.

VII. Día Tradicional do Incio (DTI)

É un crisol de todas as sesións realizadas previamente polo conxunto do alumnado. A súa finalidade é que este, xa coñecedor do tema, protagonice unha festa con carácter reflexivo. Contará coa guía e asesoramento do profesorado e nela se mostrará e gozará coa comunidade dos elementos que a caracterizan, dende a gastronomía ate a paisaxe. Pero serán observados dende o problema do despoboamento do rural galego. Será todo isto tan só un futuro recordo do pasado? Seremos, como a actual pegada dos castros, un patrimonio arqueolóxico? Poderán instalarse novas xentes sen que o legado cultural do autóctono teña entidade para adaptarse?

As persoas asistentes, tanto da comunidade como de fóra, poderán visitar o centro nun horario libre, dentro do horario fixado. De ser necesario, o DTI poderíase prolongar máis dunha xornada, preferentemente na fin de semana. A idea é que se consolídase como unha tradición do centro, o que obrigaría a unha constante actualización do proxecto.

6. Conclusións

A meirande parte da comunidade educativa do colexio público do Incio asume o despoboamento rural galego como un problema que hai que tratar, defendendo que a escola é un bo lugar para facelo. Por isto, como primeiro paso para acometer esta demanda social, é preciso elaborar proxectos que, como o que se ten presentado, convertan os problemas reais de xentes reais e obxecto

de tratamento educativo. Pero que ademais isto se faga con todos os recursos que os avances no eido da educación podan aportar, dende o que atinxe á xestión dos centros ate ás posibilidades de aplicar enfoques novidosos ao ensino-aprendizaxe das materias que conforman o currículo. Nesta caso tense aplicado dende a óptica das Ciencias Sociais, dialogando coa educación patrimonial e a inclusión do emocional, non dende a banalización dos sentimentos, senón do recursos das emocións para unha necesaria conexión entre corazón e cerebro que posibilite, non só unha mellora dos resultados académicos, senón que estes non estean afastados dunha necesaria empatía polas persoas, verdadeiras protagonistas do coñecemento social. Neste caso, as afectadas polo despoboamento rural, problema con causas no pasado afastado e recente, que debe estar no debate do presente e, cuxas perspectivas de solución deben proxectarse cara o futuro.

Desta inxerencia xorde este proxecto de centro que busca unha nova de relación profesorado-alumnado, para que este poida deixar constancia da “expresión das súas voces” (Prieto, 2009, p. 1), na procura da resolución de problemas sociais, conxugando actitudes e aptitudes críticas e, porqué non, insumisas nun marco de tolerancia e respecto mutuo a partires do debate e da crítica.

Tendo en conta que as verdades absolutas no ámbito das Ciencias Sociais non existen, debe xurdir a necesidade por parte do claustro do profesorado de “oposición ás definicións de verdade dominantes e ás estruturas de poder” (McLaren, 1997, p. 55), aspecto que se ten procurado fortalecer neste proxecto, deseñado para unha escola con vontade de ser parte viva do espazo-paisaxe e un elemento referencial para a comunidade.

Evidentemente poderanse atopar neste proxecto aspectos mellorables, pero, sen dúbida, a forma máis práctica para aprecialos será a súa futura aplicación nas aulas. Tarefa que supón non só un novo reto no eido da innovación didáctica, senón que proxecta un dilatado horizonte investigador que se abrangue máis aló da etapa escolar. Será o futuro quen dilucide o seu alcance e ogallá nese invisible marco temporal, a infancia e as escolas do rural sigan sendo parte desas paisaxes que hoxe chamamos rurais.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Fernández, M. (2000). *O Proxecto Educativo da institución escolar*. Barcelona: GRAÓ.
- Apple, M. W. (2000). *Teoría crítica e educación*. Madrid: Miño e Dávila.

- Armas Quintá, F., & Macía, C. (2015). Desenvolvemento rural e sociedade da información en Portugal. Análise da fenda dixital de segunda xeración na rexión Norte. *Revista de Xeografía e Ordenación do Territorio*, 65-83.
- Ayuste, A., Flecha, R., López Palma, F., & Lleras, J. (1999). *Formulación da pedagogía crítica: comunicar e transformar*. Barcelona: GRAÓ.
- Blanco Desar, M. (2014). Viva Galicia? Un futuro por xestar. Infecundidade e senescencia como factores da desgaleguización de Galicia. En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 19-72). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Bunge, M. (1985). *Investigación científica*. España: Ariel.
- Casanova Vila, A. (16 de Febreiro de 2017). O Incio busca fixar poboación cun plan de aluguer de casas desocupadas. *El Progreso*.
- Cuenca, J. (2014). O papel do patrimonio nos centros educativos: cara a socialización patrimonial. *Tejuelo*, 76-96.
- de Castro, R. (1999). *Cantares Gallegos*. Madrid: Sucesores de Hernando.
- Delgado Granados, P. (2010). Educación, democracia e cidadanía no século XXI desde o proxecto político educativo de Paulo Freire. *Fuentes*, 140-153.
- Ferrás Sexto, C. (2014). O cambio demográfico e o futuro de Galicia. Que facemos? Planificamos? En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 96-141). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fontal, O., & Ibáñez, A. (2015). Estratexias e instrumentos para a educación patrimonial en España. *Educatio Siglo XXI*, 33, 15-32.
- Freire, P. (1989). *A educación como práctica de liberdade*. Montevideo, Uruguay: Tierra Nueva.
- Freire, P. (1997). *Pedagogía da autonomía*. México D.F.: Siglo XXI.
- García Córdoba, F., & García Córdoba, L. T. (2005). A problematización. *Cadernos ISCEEM*.
- García Pérez, F. F. (2001). O coñecemento escolar nunha didáctica crítica. Reflexións xerais e formulación dalgúns debates. En J. Mainer, *Discursos e prácticas para unha didáctica crítica* (pp. 119-139). Sevilla: Díada Editora.
- Gimeno Lorente, P. (2009). *Didáctica crítica e comunicación: Un diálogo con Habermas e a escola de Frankfurt*. Barcelona: Octaedro.
- Hernández Borge, J. (2013). *Galicia, unha poboación avellentada*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico Campus Vida.

Ibáñez, A., Fontal, O., & Cuenca, J. (2015). Presentación. Actitude e tendencias na educación patrimonial. *Educatio Siglo XXI*, 33 (1), 11-13.

Instituto Nacional de Estadística. (03 de Marzo de 2017). Obtido de <http://www.ine.es/consul/serie.do?s=6-12790&c=2&nult=0>

López Pombo, L. (2003). *O Incio. Paisaxe, Historia e Patrimonio*. Salamanca: Imprenta Catedral.

Martínez López, M. (1999). A despoboación galega a contracorrente: As novas relacións compo-cidade e as vivencias da permanencia, o retorno e a repoboación. En R. Rodríguez González, A. López González, M. Á. Fernández Taboada, M. Martínez López, & J. M. González Pérez, *A despoboación en Galicia: Preocupación ou lóxica territorial* (pp. 161-227). Galicia: Tórculo Artes Gráficas.

McLaren, P. (1997). *Pedagogía crítica e cultura depredadora: Políticas de oposición na era posmoderna*. Barcelona: Paidós Ibérica.

Prieto, M. (2009). Educación para a democracia nas escolas: un desafío pendente. *Revista Iberoamericana de Educación*, 1-11.

Rodríguez Espino, M. (27 de Maio de 2015). *Escola Universitaria de Educación Virtual*. Obtido de Didáctica Crítica: <http://eudev2.uta.cl/rid=1HB09DN7D-SR0Z3Q-12K>

Rojas Olaya, A. R. (2009). A Didáctica Crítica, crítica a crítica educación bancaria. *Integra Educativa*, 93-108.

Rozada Martínez, J. M. (2001). Libres dende pequenos. Un proxecto de didáctica crítica para a escola primaria. En J. Mainer, *Discursos e prácticas para unha didáctica crítica* (pp. 41-59). Sevilla: Díada Editora.

Saco, A. (2010). Desenvolvemento rural e despoboamento en Galicia: escenarios e desenvolvementos de futuro. *Revista de Estudos sobre Despoboación e Desenvolvemento Rural*, 11-30.

San Fabián Maroto, J. L. (2011). O papel da organización escolar no cambio educativo: a inercia do establecido. *Revista de Educación*, 41-60.

Santacana Mestre, J., & Martínez Gil, T. (2013). Patrimonio, identidade e educación: unha reflexión teórica dende a historia. *Educatio Siglo XXI*, 47-60.

Santacana Mestre, J., & Prats Cuevas, J. (2014). O patrimonio inmaterial e a educación: bases conceptuais para unha formulación didáctica. *Her&Mus*, 8-15.

Santos Guerra, M. A. (1994). *Entre bastidores: o lado oculto da organización escolar*. Málaga: Aljibe.

Jesús Somoza Fernández; Andrés Domínguez Almansa
O despoboamento rural galego como problema didáctico: un proxecto para o colexio público do Incio

Sarasola, M. R. (2006). Tres institucións sobre a investigación en Organización Escolar. *Revista Iberoamericana de Educación*, 1-11.

Tabarés, F. (2014). En M. Blanco Desar, *Galicia: un pobo con futuro?* (pp. 251-253). Vigo: Edicións Xerais de Galicia.